



RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Ponteareas

BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. c) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Lei Orgánica 2/86, do 13 de Marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade.

Artigo 6. 1. d) RXP. O tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa.

Artigo 6. 1. e) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

FINS DO TRATAMENTO

Actuacións dos Forzas e Corpos de Seguridade con fins policiais. Participación nas funcións de Policía Xudicial. Tramitación de denuncias. Actuacións de Policía Administrativa, no relativo ás Ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia. Xestión de obxectos perdidos. Control da seguridade viaria (ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no centro urbano). Instruír atestados por accidentes de circulación e a seguridade pública. Realización de informes e atestados. Protección Civil. Prestación de auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública. Permisos de armas.

COLECTIVO

Cidadáns e representantes legais, denunciante e denunciados, sancionados e autorizados.

CATEGORÍAS DE DATOS

Datos de infraccións: Natureza penal ou administrativa.

Datos de categoría especial: Saúde (Diversidade funcional), orixe racial ou étnico, vítima de violencia de xénero, risco de exclusión social.

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, número da seguridade social, tarxeta sanitaria, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), firma, sinatura electrónica.

Características persoais: Datos do estado civil, idade, datos de familia, sexo, data de nacemento, nacionalidade, lugar de nacemento.

Circunstancias sociais: Características de aloxamento, vivenda, asociación, licenzas, permisos ou autorizacións.

Académicos e profesionais: Formacións, titulacións, historial do estudante, experiencia profesional, pertenza a colexios ou asociación profesionais.

Detalles do emprego: Corpo/escala, categoría/grao, posto de traballo, datos non económicos de nómina, historial do traballador.

Datos de información comercial: Actividades e negocios, creación artísticas, literarias, científicas ou técnicas, licencias comerciais, suscripcións a publicacións.

Datos económico-financeiros e de seguros: Ingresos, rendas, investimentos, bens patrimoniais, créditos, préstamos, avais, datos bancarios, plans de pensións, xubilación, datos económicos de nómina, datos deducións impositivas/impostas, seguros, hipotecas, subsidios, beneficios, historial de créditos, tarxetas de crédito.

Datos de transaccións: Bens e servizos subministrados polo afectado, bens e servizos fornecidos polo afectado, transaccións financeiras, compensacións e indemnizacións.

CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Forzas e corpos de seguridade, Órganos xudiciais, Administracións Públicas, Entidades aseguradoras e mutualidades.

TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.